- Lugar no que se desenvolveron as actuacións: _____

- Recursos utilizados para a execución do proxecto:

a) Materiais:

b) Humanos:_____

c) Económicos (subvencións/achega socias/os):_____

O orzamento presentado no seu día ascendía a_____€

O orzamento realmente executado ascende a_____ €

Existe (marque cunha cruz a opción que proceda)

SI

NON

unha desviación (*diferenza entre o orzamento presentado e o realmente executado*) de_____€. En caso afirmativo especificar os motivos:

-
-
-

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS CORRENTES EFECTUADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA:

ORZAMENTO DETALLADO DOS INGRESOS OBTIDOS PARA A FINANCIACIÓN DA ACTIVIDADE A SUBVENCIONAR

- Memoria para actividades deportivas:

1. CATEGORÍA NAS QUE MILITAN

(Indicar as categorías nas que participaron os distintos equipos da entidade nas distintas competicións oficiais)

EQUIPO	CATEGORÍA	Nº FICHAS	
		MASC.	FEM.
TOTAL			

2. DESPRAZAMENTOS

(engadir copia calendarios oficiais)

DATA	MOTIVO E LUGAR DE DESPRAZAMENTO

3. CLASIFICACIÓN DEPORTIVA ACADADA

EQUIPO	CATEGORÍA	CLASIFICACIÓN

Lugo, ____ de _____ de 2019

(DNI, sinatura e selo da entidade)

ANEXO VI (XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN)

MODELO NORMALIZADO DE ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO POLAS PERSOAS BENEFICIARIAS DE SUBVENCIÓNS PARA GASTOS DE MANTEMENTO CONSERVACIÓN E PEQUENAS REPARACIÓNS DE INFRAESTRUCTURAS EXERCICIO ECONÓMICA 2019.

Breve descrición do gasto en mantemento e reparacións:

Enumerar e explicar pormenorizadamente todos e cada un do obxectivos cumpridos_____

NÚMERO DE BENEFICIARIAS/OS:

Nº homes_____

Nº mulleres_____

Breve descrición das actividades desenvolvidas pola entidade dende o día 1 de xaneiro ao 30 de novembro do presente exercicio económico e das que se van desenvolver ata o día 2019.

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS CORRENTES EFECTUADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA:

ORZAMENTO DETALLADO DOS INGRESOS OBTIDOS PARA A FINANCIACIÓN DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA:

Lugo, ____ de _____ de 2019

(DNI, sinatura e selo da entidade)

ANEXO VII (XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN)**MODELO NORMALIZADO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN**

D.^a/D.-----provisto do NIF nº-----en calidade de (presidenta/e, secretaria/o,...) de-----con enderezo social en-----de Lugo e con CIF nº-----

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE QUE:

1.- Esta entidade (marque cunha cruz a opción que proceda) solicitou e recibiu subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

SI

NON

*Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2019, esta entidade solicitou/recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía).

SUBVENCIÓN SOLICITADA	ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTÍA SOLICITADA

SUBVENCIÓN RECIBIDA	ORGANISMO CONCEDENTE	IMPORTE CONCEDIDO

2.- A actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se concede a subvención efectuouse nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presentou no seu día.

3.- Esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo, respectivamente.

4.- As facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- Non foron nin serán presentadas -na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

- Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

- Conteñen gastos que xa lle foron aboados á persoa e/ou entidade debedora agás naqueles nos que se acredita a devindicación, pero a data efectiva de aboamento é posterior; suposto este no que se presentará a documentación tan pronto como se dispoña dela.

6.- Que o persoal que desenvolve as súas funcións como asalariado nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

7.- Que esta entidade lle comunicou ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socios/os correspondentes ao ano 2019.

Lugo, ____ de _____ de 2019

(DNI, sinatura e selo da entidade).

Asdo.:_____

CUARTO: Que se proceda á publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello de Lugo.

QUINTO: Estas bases entrarán en vigor o día seguinte ao da publicación do extracto da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións, conforme ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, trala tramitación regulamentariamente establecida.

SEXTO: Indícaselles que esta resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela poden interpoñer os seguintes recursos:

Recurso de reposición, con carácter potestativo, ante o mesmo órgano que ditou o acordo no prazo de UN MES (artigos 112,123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

O recurso interposto entenderase desestimado por silencio administrativo, se non houberse resolución expresa no prazo de UN MES, e quedará aberta a porta do recurso contencioso-administrativo, que deberá formularse dentro do prazo de SEIS MESES dende a data da desestimación por resolución presunta (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

No caso de interposición deste recurso, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que o de reposición sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

-Recurso Contencioso-Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, segundo redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial), no prazo de DOUS MESES, a contar dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación (art.46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

O que se fai público para xeral coñecemento, a fin de que as persoas interesadas poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas.

Lugo, 29 de outubro de 2019.-O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE MEDIO RURAL E DEPORTES- Miguel Fernández Méndez.

R. 3656

Anuncio

Por medio do presente faise público que a Xunta de Goberno Local, por Acordo núm. 20/765 de data 27 de novembro de 2019, **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Que se proceda á convocatoria para o exercicio 2019 de axudas económicas individuais as persoas con talento deportivo.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 26.000 € a que ascende o importe total destas subvencións que se outorgarán por parte de Deportes con cargo á aplicación orzamentaria 34100.48900 (RC 56183/19)

TERCEIRO.- Esta convocatoria rexerase polo establecido nas seguintes

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS INDIVIDUAIS PARA O EXERCICIO 2019 PARA PERSOAS CON TALENTO DEPORTIVO

Primeira.- Obxecto da convocatoria

Esta convocatoria ten por obxecto regular para o exercicio 2019 a concesión de axudas económicas individuais para deportistas con talento que ao longo do ano anterior á publicación destas bases destacaran pola súa participación en eventos deportivos con resultados relevantes, tanto a nivel autonómico ou nacional, co fin de apoiar a práctica e mellora do rendemento deportivo nas respectivas modalidades, así como os gastos derivados do necesario reforzo académico.

Segunda.- Contía e crédito orzamentario

Esta convocatoria conta con crédito orzamentario de 26.000 euros na aplicación 34100.48900.

Terceira.- Requisitos das persoas solicitantes

- 1.- Ser deportista afeccionado/a, nados/as entre 2000 e 2005, inclusive (exceptuando deportistas con discapacidade para os/as que non haberá límite de idade).
- 2.- Estar federado/a no período para o que se solicita a axuda, dentro da modalidade que practique, nun club do concello de Lugo.
- 3.- Estar empadroad/a no Concello de Lugo ao longo do ano anterior á publicación destas bases.

- 4.- Ter acreditados resultados deportivos para valorar referidos ao ano anterior da publicación destas bases.
- 5.- Estar ao corrente nas obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica e local, así como estar ao corrente das obrigas coa Seguridade Social.
- 6.- Non estar incurso/a en prohibición para obter a condición de beneficiario/a das subvencións de conformidade co artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Cuarta.- Criterios de valoración

Os criterios de valoración en función dos gastos subvencionables serán os seguintes:

- 1.- Clasificado/a entre os tres primeiros/as en campionato de España (ata 6 puntos)
Primeiro/a 6 puntos, segundo/a 5 puntos, terceiro/a 4 puntos.
- 2.- Clasificado/a como finalista en campionato de España (ata 3 puntos)
Cuarto/a 3 puntos, quinto/a 2,5 puntos, sexto/a 2 puntos, sétimo/a 1,5 puntos, e oitavo/a 1 punto.
- 3.- Clasificado/a entre os tres primeiros en campionato galego (ata 3 puntos)
Primeiro/a 3 puntos, segundo/a 2 puntos e terceiro/a 1 punto.
- 4.- Calquera dos anteriores, sendo ademais deportista feminina (0,5 puntos)
- 5.- Calquera dos anteriores, sendo ademais discapacitado/a (0,5 puntos)
- 6.- Superación do curso académico (0,5 puntos)

Nos criterios de valoración cos números: un, dous e tres, só se puntuará no de maior categoría, e só se terá en conta o mellor resultado acadado en probas individuais, recollidas nos calendarios das propias Federacións como tales (Campionato de España individual ou Campionato Galego individual) non como equipos ou clubs.

Unha vez valoradas todas as solicitudes, o valor do punto será o resultante de dividir o total do crédito orzamentario de que dispoñemos para esta convocatoria (26.000 €) entre a suma total dos puntos acadados por todos os deportistas.

Quinta.- Forma e prazo de presentación de solicitudes

1.- As solicitudes (segundo modelo oficial segundo ANEXO 1-D) presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou ben utilizando os medios establecidos na Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de **DEZ DÍAZ HÁBILES**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio destas bases no Boletín Oficial da Provincia por conduto da “**BDNS**”, con independencia de que estas bases tamén serán publicadas no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do Concello de Lugo, e acompañaranse de documentos e informacións que se sinalan no apartado 2º deste artigo, agás que xa estivesen en poder do Concello, facendo constar neste caso a data e dependencia ou órgano ante o que se presentaron, e non poderán ter transcorridos máis de cinco anos dende a finalización do procedemento ao que correspondan.

2.- A persoa interesada deberá acompañar á solicitude a seguinte documentación:

- a.- Fotocopia do DNI da persoa solicitante ou, se é o caso, representante legal
- b.- Certificado da Federación indicando o club polo que ten ficha e o currículo deportivo do ano anterior á publicación destas bases, indicando, como mínimo, todas as competicións nas que participou e os postos acadados, así como se é deportista con discapacidade e compite nesta modalidade.
- c.- Declaración xurada da existencia ou non doutras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións. No caso de existir, indicárase a entidade, contía e finalidade delas. (ANEXO II-D)
- d.- Acreditación da superación do curso académico.
- e.- Declaración responsable de non atoparse inhabilitado/a ou estar incurso/a en prohibición para acceder á condición de beneficiario/a de subvencións do Concello de Lugo, de conformidade co establecido no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións. (ANEXO II-D)
- f.- Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, incluíndo as municipais e fronte á Seguridade Social (ANEXO II-D)
- g.- Certificado bancario do número de conta da persoa beneficiaria

Presentadas as solicitudes, e se do exame da solicitude e documentación aportada se deducise que esta está incompleta ou defectuosa, dende a unidade administrativa xestora requiriráselle á persoa interesada para que, no prazo de dez días, achegue os documentos preceptivos ou emende a falla, con indicación de que se así non o fixese se lle terá por desistida a súa petición, tras resolución ao respecto.

Sexta.- Instrución do procedemento

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 28, 29 e 30 da Ordenanza municipal de subvencións coas seguintes precisións:

Unha vez que a documentación estea completa, o órgano instrutor, un/unha técnico/a competente do Servizo Municipal de Deportes ou, se non, a Vicesecretaría, emitirá un informe proposta acerca do cumprimento ou non dos requisitos establecidos nesta convocatoria.

A Comisión de Valoración, constituída para o efecto, terá a seguinte composición:

- **Presidente:** o Encargado de Instalacións Deportivas.
- **Vogais:** un/unha funcionario/a ou persoal laboral do Servizo de Deportes que se designen para estes efectos.
- **Secretario/a:** unha persoa técnica municipal do Servizo de Deportes designada para o efecto ou se non a Vicesecretaría.

Sétima.- Órgano competente para resolver e prazo de resolución

A concesión ou denegación da axuda solicitada será adoptada por resolución da Xunta de Goberno Local, de conformidade co establecido na base número 24 das bases de execución do orzamento municipal.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis meses, contados a partir do día seguinte ao do remate do prazo para presentación de instancias. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, poderase entender desestimada. A resolución porá fin á vía administrativa, e contra ela, os/as interesados/as, poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo.

A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte hábil ao da notificación non renunciase a ela expresamente mediante escrito dirixido ao órgano concedente.

Oitava.- Gastos subvencionables e prazo de realización

Os gastos que se poden xustificar coa subvención concedida serán os correspondentes a: desprazamentos, aloxamentos, material deportivo, vestiario, gastos médicos, reforzo académico especificando a natureza e a súa contía e aqueles derivados da práctica deportiva á que se dedique o/a deportista. Os gastos relativos a material deportivo non poderán ter a natureza de inventariables ou gastos de capital.

O período de realización dos gastos será o ano do exercicio ao que corresponde a convocatoria (2019).

Novena.- Forma e prazo de xustificación. Pagamento:

1.- Para proceder ao pagamento da subvención, a persoa beneficiaria deberá xustificar a aplicación da axuda mediante a presentación no Rexistro Xeral do Concello e dirixido a Deportes, da seguinte documentación:

a) Memoria da adopción do comportamento (modelo do ANEXO III-D). No caso de que se xustifique a través de gastos de desprazamento/aloxamento deberán especificarse os usuarios, motivo e lugar, e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e co beneficiario da subvención, para xustificación dos gastos relacionados anteriormente deberá presentarse calendario de competición do ano en curso 2019.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade coas bases de execución do presuposto, e R.d. 1496/2003, do 28 de novembro, do Ministerio de Economía e Facenda, que se presentarán en documento orixinal, **coa acreditación do pago mediante transferencia con xustificación da entidade bancaria cando se trate de gastos superiores a 300 €** ou, de ser o caso, a **diligencia de “pagado en metálico” ou outra similar asinadas pola entidade que facture**. As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental do receptor das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible de actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e receptores delas. No caso de que estas cantidades superen os 300 euros deberán xustificar o cumprimento da normativa tributaria.

Deberá presentar, así mesmo, declaración xurada de que as facturas non foron nin serán presentadas como xustificación doutra subvención pública ou privada (segundo o modelo no ANEXO III-D)

c) Declaración xurada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para a mesma finalidade (segundo modelo no ANEXO III-D)

d) Declaración xurada de que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento se efectuou nos termos establecidos na memoria presentada (segundo modelo do ANEXO III-D)

e) Declaración xurada de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, Tesourería Xeral da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente (ANEXO III-D)

f) Declaración xurada de que todos os gastos presentados como xustificación se aboaron efectivamente. (ANEXO III-D).

g) Declaración xurada de que os impostos indirectos devindicados (IVE) non teñen a condición de recuperabilidade ou compensatoriedade. (ANEXO III-D)

2.- Os documentos presentados deberán ser validados e selados polo servizo municipal xestor do expediente administrativo cun selo existente para o efecto no que conste que a factura ou documento se aplica na porcentaxe que corresponda en cada caso á xustificación da subvención ou convenio concreto. Os documentos serán orixinais, e se se presentasen fotocopias deberán ser compulsadas polo servizo xestor, de conformidade co que se estableza nas bases de execución do presuposto.

3.- A xustificación realizarase en todo caso antes do 28 de febreiro de 2020. No caso de non presentar a xustificación dentro deste prazo, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que implicará a perda do dereito de cobro da subvención.

4.- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

O importe da axuda concedida non poderá superar en ningún caso os importes xustificadas documentalmente segundo os parágrafos anteriores, reducíndose polo tanto o dito importe conforme aos saldos presentados e aprobados pola Comisión de Valoración.

As e os beneficiarios destas axudas deberán dar adecuada publicidade ao carácter público da actividade subvencionada, mediante a exhibición do logotipo do Concello de Lugo nas pezas deportivas que vistan durante as competicións deportivas.

5.- O pagamento da subvención realizarase mediante transferencia bancaria a conta facilitada polo perceptor da subvención.


O prazo máximo de pagamento será de trinta días, contados dende a contabilización da resolución pola que se produza o recoñecemento da obriga, agás circunstancias extraordinarias que deberán acreditarse no expediente e que poidan xustificar a ampliación deste prazo.

6.- Non se admite o pagamento anticipado nin pagos parciais.

Décima.- Compatibilidade

As subvencións que se outorguen ao abeiro desta convocatoria serán **compatibles** con outras para o mesmo fin.

ANEXOS:

 Concello de Lugo			
SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS INDIVIDUAIS PARA PERSOAS CON TALENTO DEPORTIVO EXERCICIO -----			
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME e APELIDOS:			NIF/NIE:
DATA DE NACEMENTO:			
ENDEREZO:			CONCELLO:
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
MELLOR RESULTADO ACADADO ANO ANTERIOR			
<input type="checkbox"/> Autorizo ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.			

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO:			
CONCELLO:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no caso de persoas incapacitadas ou menores de idade)

NOME:	APELIDOS	DATA DE NACEMENTO:
DNI:		ENDEREZO:
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:	

Autorizo ao Concello de Lugo a comprobar de oficio a circunstancia de estar empadroada/o no Concello de Lugo.

Autorizo, expresamente, ao Concello de Lugo a comprobar das diferentes administracións públicas ou entidades privadas a verificación dos datos e informacións declaradas.

Que de resultar persoa beneficiaria acepto as obrigas sinaladas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 11 da Ordenanza municipal de subvencións.

Lugo, de.....de

Sinatura da persoa solicitante ou autorizada

NOTA: verifique a documentación que deberá presentar con esta solicitude, segundo os modelos definidos na convocatoria.

Xúntaselle a esta solicitude a seguinte documentación:

DOCUMENTACIÓN XERAL:

- Fotocopia do DNI da persoa solicitante ou representante legal.
- Fotocopia do libro de familia, se é o caso.
- Fotocopia da licenza federativa do ano en curso
- Certificado da federación de acordo coas bases.
- Acreditación da superación do curso académico.
- Certificación bancaria do número de conta da persoa beneficiaria
- Declaracións xuradas (ANEXO II-D)

ANEXO II-D

MODELO DE DECLARACIÓN XURADA PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN

D.^a/D.con DNI
.....

DECLARO BAIXO XURAMENTO QUE:

1.- Que si/non solicitei e/nin recibín subvención ou axuda doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

SI*

NON

*Ata o día de hoxe e referidos aos 12 meses anteriores á publicación destas bases, quen subscribe solicitou / recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

.....
.....

2.- Que está ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Lugo, Facenda Estatal e Facenda Autonómica así como fronte á Seguridade Social.

3.- Que non se atopa inhabilitada/o nin está incurso/o en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, para obter a condición de persoa beneficiaria da subvención.

Lugo.....de.....de

(DNI, sinatura da persoa solicitante ou representante)

ANEXO III-DMODELO DE MEMORIA E DECLARACIÓN XURADA PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN

D.^a/D. con
 DNI.....

DECLARO BAIXO XURAMENTO QUE

1.- Que a persoa deportista D.^a/D. -----, con DNI-----

2.- Que -----(si ou non) recibiu subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

SI *

NON

*Ata o día de hoxe e referidos aos 12 meses anteriores á publicación destas bases, solicitei/recibín outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

.....

3.- Que as facturas non foron nin serán presentadas como xustificación – na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo – doutra subvención pública ou privada.

4.- A actividade, proxecto, obxectivo, programa para o que se concedeu subvención efectuouse nos termos solicitados.

5.- Que a persoa abaixo asinante se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, Tesourería Xeral da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente.

6.- Que todos os gastos presentados como xustificación se aboaron efectivamente.

7.- Que os impostos indirectos devindicados (IVE) non teñen a condición de recuperabilidade ou compensatoriedade.

Lugo, ___ de _____ de _____”

(DNI e sinatura)

CUARTO.- que se proceda á publicación no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do Concello de Lugo desta resolución con indicación de que esta pon fin á vía administrativa, e de que contra ela poden interpoñer os seguintes recursos:

Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998 do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo).

Non obstante o anterior, e con carácter previo a esta resolución, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, ante a Alcaldía e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

O que se fai público para xeral coñecemento, a fin de que as persoas interesadas poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas.

Lugo, 29 de outubro de 2019.-O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE MEDIO RURAL E DEPORTES, Miguel Fernández Méndez.

R. 3655

MONDOÑEDO

Anuncio

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO

Elena Candia López, Alcaldesa do Concello de Mondoñedo, no exercicio das funcións que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

O día 17 de outubro do 2019, o Pleno da Corporación aprobou inicialmente o Crédito Extraordinario nº 2019/2 e transferencia de Créditos de Competencia Plenaria nº 2019/1.

En consontes co disposto nos artigos 177 e 169 do TRLHL, iniciouse un prazo de información pública de quince días, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno, e informando que o orzamento se considerará definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentaran reclamacións.

Rematado o prazo de información pública, non se presentou alegación ou reclamación algunha, motivo polo cal procede elevar a definitivos os acordos de modificación de crédito, resultado o seguinte estado de gastos:

Capítulo	Descripción	Créditos definitivos
1	Gastos de personal	2.082.234,41
2	Gastos bens correntes e servizos	1.575.942,21
3	Gastos financeiros	7.188,57
4	Transferencias correntes	68.688,67
6	Inversións reais	2.229.031,33
7	Transferencias capital	30.265,00
9	Pasivos financeiros	432.143,97
Total créditos definitivos estado de gastos		6.425.494,16

O presente acto administrativo pon fin á vía administrativa, e poderá ser recurrido perante o xulgado do contencioso-administrativo de Lugo no prazo de dous meses a contar dende a presente publicación.

Mondoñedo, 25 de novembro de 2019.- A Alcaldesa, Elena Candia López.

R. 3582

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA DE EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CRÉDITOS**

Publicado no Boletín Oficial da Provincia número 250 de 31 de outubro de 2019 o anuncio referente á exposición ao público do expediente de modificación de crédito 62/2019 baixo a modalidade de transferencia de créditos entre partidas de diferentes áreas de gasto do orzamento vixente por importe de 31.710,25 €, aprobado polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 28 de outubro de 2019 e transcorrido o prazo da citada exposición sen presentarse reclamacións, conforme ao artigo 38 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, enténdese definitivamente aprobado.

Contra a aprobación definitiva do expediente poderá interporse directamente Recurso Contencioso-Administrativo na forma e prazo que establecen as normas da devandita xurisdición.

Resumo da modificación:

Partidas orzamentarias minoradas	Transferencia negativa	Partidas orzamentarias aumentadas	Transferencia positiva
934.121.01	15.710,25	432.226.99	31.710,25
931.121.01	8.000,00		
920.121.01	8.000,00		
	31.710.25		31.710.25

Monforte de Lemos, 25 de novembro de 2019.-IO Alcalde, José Tomé Roca.

R. 3583

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN URXENTE, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN/HA EDUCADORA/A SOCIAL, A XORNADA COMPLETA, VINCULADO/A O PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL PARA PERSOAS DE ETNIA XITANA E A SUBVENCIÓN CONCEDIDA A ESTE CONCELLO Ó EFECTO POLA CONSELELRIA DE POLITICA SOCIAL.

Por resolución da alcaldía de data 28 de novembro do 2019 aprobáronse as bases que rexen esta convocatoria.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de CINCO (5) días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e das bases na páxina web municipal.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ben por fax(982404812) ou mediante correo electrónico a rrhh@concellodemonforte.com.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 29 de novembro de 2019.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 3640

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN URXENTE, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN/HA EDUCADORA/A SOCIAL, a tempo parcial, xornada de 35 horas semanais, VINCULADO/A O PROGRAMA "AUTOEDUCARSE PARA EDUCAR" E A SUBVENCIÓN CONCEDIDA A ESTE CONCELLO Ó EFECTO POLA CONSELLERIA DE POLITICA SOCIAL

Por resolución da alcaldía de data 28 de novembro do 2019 aprobáronse as bases que rexen esta convocatoria.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de CINCO (5) días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e das bases na páxina web municipal.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ben por fax (982404812) ou mediante correo electrónico a rrhh@concellodemonforte.com.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedeleemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 29 de novembro de 2019.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 3641

MURAS

Anuncio

MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

Vista a Resolución 2019-0462 de data 21.11.2019 referente á selección de persoal para cubrir unha praza de traballador/a social no Concello de Muras.

Advertido un erro nas datas de lectura do segundo dos exercicios.

De conformidade coas atribucións establecidas no artigo 21.1 da Lei 7/1985, en relación co artigo 61.1 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia RESOLVO:

PRIMEIRO.- Correxir a Resolución 2019-0462 de data 21.11.2019 e donde dí:

- 17 de decembro de 2019, ás 10.00 horas: 1º exercicio
- 20 de decembro de 2019, ás 10.00 horas: 2º exercicio
- 8, 9 e 10 decembro de 2019: lecturas do 2º exercicio. O día 20 de decembro se comunicara aos aspirantes o día e hora de lectura que lles corresponde.
- 15 xaneiro 2020, ás 10.00 horas: 3º exercicio

Debe decir:

- 17 de decembro de 2019, ás 10.00 horas: 1º exercicio
- 20 de decembro de 2019, ás 10.00 horas: 2º exercicio
- 8, 9 e 10 xaneiro de 2020: lecturas do 2º exercicio. O día 20 de decembro se comunicara aos aspirantes o día e hora de lectura que lles corresponde.
- 15 xaneiro 2020, ás 10.00 horas: 3º exercicio

SEGUNDO.- Publicar dita corrección no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na sede electrónica do Concello (www.muras.gal)

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais.

Muras, 25 de novembro de 2019.- O Alcalde Manuel Requeijo Arnejo, do que eu, D^a Silvia Lamelas Soto, como Secretaria, dou fe.

R. 3584

AS NOGAIS

Anuncio

O Pleno do Concello de As Nogais en sesión ordinaria celebrada o 7 de outubro de 2019 acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI), a ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Actividade Económicas (IAE) e a modificación da taxa pola realización de determinadas actividades urbanísticas. O devandito acordo foi exposto ao público polo prazo de 30 días hábiles, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, mediante anuncio publicado no BOP de Lugo nº 241, de 21 de outubro de 2019, sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado, polo que o texto íntegro das Ordenanzas fiscais aprobadas quedan redactados nos seguintes termos:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

ARTIGO 1. Fundamento Legal

En uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, de acordo co disposto nos artigos 105 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade ao disposto no artigo 59 e os artigos 60 a 77 e Disposición Transitoria Décimo oitava do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a regulación do Imposto sobre Bens Inmobles, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto nos artigos 60 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, no Real Decreto 417/2006, de 7 de abril polo que se desenvolve o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, e no artigo 8 do Real Decreto-lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

Será igualmente de aplicación o disposto nas disposicións de rango legal ou regulamentario ditadas en desenvolvemento da devandita Lei nas que non existe na presente Ordenanza Fiscal tratamento pormenorizado.

A Ordenanza será de aplicación en todo o termo municipal.

ARTIGO 2. Feito Impoñible

O feito impoñible do Imposto sobre Bens Inmobles está constituído pola titularidade sobre os bens inmobles rústicos e urbanos e sobre os bens inmobles de características especiais, dos seguintes dereitos:

1. De concesión administrativa sobre un ben inmoble ou sobre os servizos públicos a que se atopen afectos.
2. Dun Dereito Real de superficie.
3. Dun Dereito Real de usufruto.
4. Do dereito de propiedade.

A realización dun dos feitos impoñibles descritos no parágrafo anterior, pola orde establecida, determinará a non suxeición do inmoble ás seguintes modalidades previstas.

Terán a consideración de bens inmobles rústicos, bens inmobles urbanos e bens inmobles de características especiais os definidos como tales nas normas reguladoras do Catastro inmobiliario.(Artigos 6 ao 8 do Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo. E en relación cos bens inmobles de características especiais, o artigo 23 do Real Decreto 417/2006, de 7 de abril, polo que se desenvolve o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario).

ARTIGO 3. Suxeitos Pasivos

Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito impoñible deste imposto. En virtude do artigo 39 do Real Decreto 417/2006, de 7 de abril, polo que se desenvolve o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, no caso en que resulte acreditado documentalmente que, o suxeito pasivo do imposto non coincide con ningún dos titulares catastrais que figuran no Padrón do exercicio correspondente, ou ben que aínda que coincide cun titular que figura no Padrón, faino por un dereito distinto ao que determina a suxeición ao imposto sobre bens inmobles, as entidades que xestionen o citado imposto sobre bens inmobles estarán obrigadas a remitir á Xerencia ou Subxerencia do Catastro que sexa competente, por razón do ámbito territorial en que se atopen localizados os bens inmobles afectados, información sobre as rectificacións que acordasen como consecuencia da emisión de listas comprobatorias, documentos de ingreso e xustificantes de pago.

Dita información remitirase mensualmente, antes do día 20 do mes posterior á data en que se practiquen as liquidacións que correspondan.

No caso de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmoble de características especiais, será substituto do contribuínte o que deba satisfacer o maior canon.

O disposto no parágrafo anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común. O Concello repercutirá a totalidade da cota líquida do Imposto en quen, non reunindo a condición de suxeitos pasivos, fagan uso mediante contraprestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais.

O substituto do contribuínte poderá repercutir sobre os demais concesionarios a parte da cota líquida que lles corresponda en proporción aos canons que deban satisfacer cada un deles.

ARTIGO 4. Garantías.

Nos casos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito impoñible deste imposto, os bens inmobles obxecto dos devanditos dereitos quedarán afectos ao pago da totalidade da cota tributaria nos termos previstos no artigo 79 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

ARTIGO 5. Responsables

Nos casos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito impositivo, os bens inmobles obxecto dos devanditos dereitos quedarán afectos ao pago da totalidade da cota tributaria, en réxime de responsabilidade subsidiaria, nos termos previstos na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria. A estes efectos, os Notarios solicitarán información e advertirán aos comparecentes sobre as débedas pendentes polo Imposto sobre Bens Inmobles asociadas ao inmovible que se transmite.

Responden solidariamente da cota deste Imposto, e en proporción ás súas respectivas participacións, os copartícipes ou cotitulares das Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, se figuran inscritos como tales no Catastro Inmobiliario. De non figurar inscritos, a responsabilidade esixirase por partes iguais en todo caso.

ARTIGO 6. Supostos de non Suxeición

Non están suxeitos a este Imposto:

- a) As estradas, os camiños, as demais vías terrestres e os bens do dominio público marítimo-terrestre e hidráulico, sempre que sexan de aproveitamento público e gratuito.
- b) Os seguintes bens inmobles propiedade dos Municipios en que estean enclavados:
 - Os de dominios públicos afectos a uso público.
 - Os de dominio público afectos a un servizo público xestionado directamente polo Concello, excepto cando se trate de inmobles cedidos a terceiros mediante contraprestación.
 - Os bens patrimoniais, exceptuados igualmente os cedidos a terceiros mediante contraprestación.

ARTIGO 7. Exencións

SECCIÓN PRIMEIRA. Exencións de Oficio

Estarán exentos de conformidade co artigo 62.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os seguintes bens inmobles:

